

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP NAZARET

ÍNDICE

| | |
|--|----|
| <u>1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA</u> | 2 |
| <u>2. MARCO LEXISLATIVO</u> | 4 |
| <u>3. CONTEXTO: ANÁLISE DA SITUACIÓN NO CENTRO</u> | 6 |
| 3.1. Características do centro e do contorno. | 6 |
| 3.2. Situación actual da convivencia. | 6 |
| 3.3. Respostas que se dan no centro | 7 |
| 3.4. Comisión de Convivencia: Composición, reunións, funcións e actuacións..... | 9 |
| <u>4. PRINCIPIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA</u> | 13 |
| <u>5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS</u> | 14 |
| <u>6. NORMAS DE CONVIVENCIA:</u> | 16 |
| 6.1. Dereitos e Deberes dos membros da Comunidade Educativa..... | 16 |
| 6.2. Resolución de conflitos: conciliación e mediación..... | 24 |
| 6.3. Condutas contrarias á convivencia:..... | 27 |
| 6.3.1. Tipos de condutas e medidas correctoras..... | 27 |
| 6.3.2. Procedemento sancionador..... | 39 |
| <u>7. ACTUACIÓN</u> | 42 |
| <u>8. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN , DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR</u> | 44 |
| 8.1. Definición e protección ás vítimas | 44 |
| 8.2. Medidas de prevención, detección e intervención en caso de maltrato .. ¡Error! Marcador no definido. | |
| 8.3. Protocolo de actuación ante unha solicitude de intervención..... | 46 |
| 8.4. Orientacións para a intervención directa cos afectados..... | 50 |
| <u>9. TEMPORALIZACIÓN</u> | 52 |
| <u>10. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</u> | 53 |
| <u>11. MECANISMO DE DIFUSIÓN</u> | 54 |
| <u>12. ANEXOS</u> | 56 |

1. XUSTIFICACIÓN TEÓRICA

Desde a convicción de que o clima escolar é un factor que inflúe, e condiciona significativamente o proceso de ensino aprendizaxe, a Lei Orgánica de Educación LOE, nos principios fundamentais da educación sinala entre outros:

A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como aqueles que axuden a superar calquera tipo de discriminación.

Tamén nesta lei, sublíñase como un dos fins do sistema educativo, **o exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica**. Para a consecución deste fin, faise extensivo a todos os niveis educativos o obxectivo de traballar a convivencia e a relación social e exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

Por outra banda, se tomamos como referencia o informe á UNESCO da Comisión Internacional sobre a Educación para o século XXI, veremos que dito informe formula a ampliación dos obxectivos educativos máis alá do estrito campo do coñecemento e, máis concretamente, sinala a necesidade de que **os alumnos/as aprendan na escola a convivir**, coñecendo mellor ós/ás demais e creando unha base que os/as impulse á realización de proxectos comúns e á solución pacífica e intelixente dos conflitos.

Debemos ter en conta que a convivencia pacífica non é aquela na que non existen conflitos, senón aquela na que os conflitos se resolven de maneira non violenta. Deste modo, pódese asumir a convivencia como un proceso, creativo e respectuoso con todos/as, de resolver os conflitos, xa sexa previndo a súa aparición, xa sexa evitando que aumenten cando se produzan. Neste sentido compre subliñar que a atención adecuada á diversidade actúa como un poderoso elemento de prevención do conflito e a violencia.

Como a mellora da convivencia no ámbito escolar é unha preocupación cada día máis relevante na sociedade, pretendemos elaborar un Plan de Convivencia en positivo, con carácter preventivo e que inclúa un traballo en valores que abrangan todas as áreas e compoñentes da comunidade educativa.

Afondando nesta idea, podemos destacar que por iniciativa do Consello Europeo, xoves de diferentes países de Europa elaboraron os “Estatutos Europeos para os Centros Educativos Democráticos sen Violencia”, baseados nos valores e os principios fundamentais compartidos por todos os europeos, en concreto aqueles valores e principios incluídos na “Convención do Consello de Europa para a Protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais”. Neles recoméndase que “os centros educativos de toda Europa consideren estes Estatutos como modelo fundamental para promover a consecución dunha educación democrática sen violencia”. Neses Estatutos recóllese que:

1. Todos os membros da comunidade educativa teñen dereito a un centro seguro e sen conflitos. Cada individuo ten a responsabilidade de contribuír á creación dun ambiente positivo que favoreza a aprendizaxe e o desenvolvemento persoal.
2. Todos/as teñen dereito a ser tratados e respectados por igual con independencia das súas características persoais (sexo, raza, relixión, etc.). Todos gozan de liberdade de expresión sen risco de discriminación ou represión.
3. A comunidade educativa garante que todos os seus membros coñecen os seus dereitos e responsabilidades.
4. Cada centro educativo democrático posúe un órgano de toma de decisións elixido democraticamente e composto por representantes dos estudantes, profesores, pais e outros membros da comunidade educativa segundo proceda. Todos os membros deste órgano teñen dereito de voto.
5. Nun centro educativo democrático, os conflitos son resoltos en estreita colaboración con todos os membros da comunidade educativa, dun xeito construtivo e sen violencia. Todo centro educativo ten persoal e alumnos preparados para previr e solucionar os conflitos a través de actuacións de mediación e consenso.

6. Todo caso de violencia é investigado e tratado coa maior prontitude posible, e é examinado en profundidade xa sexan alumnos/as ou calquera outros membros da comunidade educativa os implicados.
7. O centro educativo forma parte da comunidade local. A cooperación e o intercambio de información con outras entidades locais son esenciais para a prevención e a resolución dos problemas.

Por todo o referido neste punto, faise evidente que está plenamente xustificada a intención de reflexar nun Plan de Convivencia as conductas que queremos desenvolver no noso centro e que se fagan extensivas á sociedade na que vivimos.

2. MARCO LEGISLATIVO

- 1. Constitución española 1978
- 2. Declaración Universal de Dereitos Humanos, tratado internacional ratificado por España (BOE 10/10/1979)
- 3. Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia. Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e a cultura da paz. (B.O.E. nº 287, de 01/12/2005).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. LOE (B.O.E. nº 141, de 04/05/2006).
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE)
- Real Decreto 275/2007, do 23 de febreiro, polo que se crea o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar.
- Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, (BOE 17 de xaneiro de 1996, nº 15) de protección xurídica do menor, de modificación parcial do código civil e da lei de axuízamento civil.
- Lei Orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, (BOE 13 de xaneiro de 2000, nº 11) reguladora da responsabilidade penal dos menores.

- Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, (BOE 29 de decembro de 2004, nº 313) de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.
- Real Decreto 732/1995 do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as Normas de Convivencia nos Centros.
- Real Decreto 82/1996, do 26 de xaneiro, (BOE 5 de decembro de 2003 nº 391) polo que se aproba o Regulamento Orgánico das Escolas de Educación Infantil e dos Colexios de Educación Primaria.
- Instrución 2/2006, do 7 de marzo de 2006, do Fiscal Xeral do Estado sobre o “Fiscal e a protección do dereito á honra, a intimidade e a propia imaxe dos menores”.
- Instrución 10/2005, do 6 de outubro de 2005, do Fiscal Xeral do Estado, sobre o tratamento do acoso escolar dende o Sistema de Xustiza Xuvenil.
- Real Decreto 1513/2006 do 7 de decembro de 2006. Ensinanzas mínimas de Primaria.
- Real Decreto 1630/2006 do 29 de decembro de 2006. Ensinanzas mínimas de Infantil
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG do martes 8 de maio).
- Instrucións sobre a constitución do Observatorio da Convivencia nos centros educativos e para a elaboración do Plan de Convivencia (17 de outubro de 2007).
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG de 15 de xullo 2011, nº 136).
- Decreto 374/1996, de 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación Infantil e os colexios de educación Primaria (DOG de 21 de outubro de 1996).
- Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria. (DOG do 2 de setembro de 1997).
- Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro polo que se desenvolve a lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

3. CONTEXTO

3.1. Características do centro e do contorno.

- CEIP NAZARET
- Enderezo: Rúa Real s/nº 36940.Cangas
- Tfno: 886120344
- Email: ceip.nazaret@edu.xunta.es
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnazaret/>

O CEIP Nazaret está situado na Vila de Cangas, esta vila atópase na esquina suroeste da Península do Morrazo, que forman as rías de Vigo e Pontevedra ao oeste da comunidade autónoma e da provincia.

Cangas, como concello máis numeroso da Comarca do Morrazo (26.500 habitantes aproximadamente) baseou a súa economía historicamente na pesca e na súa manufactura. As outras actividades do sector primario non tiveron, nin teñen gran importancia neste campo, precisamente, agricultura e a gandería son de consumo propio e enténdense como complemento da economía familiar. O desenvolvemento turístico viu substituír ou, polo menos, compensar o descenso da actividade pesqueira e conserveira. Moitos cangueses desenvolven a súa actividade laboral nas cidades próximas de Pontevedra e Vigo.

O noso centro é un colexio de Ensino Público dependente da Consellaría de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia e na actualidade conta con 18 unidades: 6 de educación infantil e 12 de educación primaria. Os alumnos/as que asisten ao centro viven nas cercanías, de aí que non haxa sevizo de transporte escolar. O centro sí conta con outros servizos complementarios coma o comedor escolar.

Cremos que a comunidade educativa do noso colexio, debe ter como obxectivo prioritario traballar pola educación integral dos seus membros, e que esa actuación debe fundamentarse no respecto ás liberdades individuais e ideolóxicas e aos principios democráticos da convivencia.

3.2. Situación actual da convivencia.

A educación é un feito colectivo, a súa riqueza pode estar na variedade de relacións que se establecen tanto no entorno coma na aula e outros espazos escolares.

O enfoque que queremos dar á convivencia no noso centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións irán encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver os conflitos a través da participación, o establecemento de boas canles de comunicación e a prevención de problemas de conduta.

Para entender a conflictividade na escola, temos que ter en conta que a aprendizaxe non é un proceso aséptico e impersoal que se dá só nos centros educativos, nin tampouco é algo individual. Non podemos esquecer que cada alumno/a ten unha vida ao seu arredor, con relacións persoais e intragrúps que afectan ao seu desenvolvemento emocional. Acadar ou non acadar un bo clima de convivencia vai facilitar ou impedir a aprendizaxe. Debemos ter unha visión do conflito como algo inevitable que en ocasións acontece dentro dun grupo e ofrecer ferramentas positivas para resolvelo.

Cremos que na actualidade o clima de convivencia no centro é bo en liñas xerais, pero coma todo, sempre é susceptible de mellorar. Non se observan serios problemas de conduta, aparecendo de cando en vez algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente con diálogo e algunha medida disciplinaria de carácter menor.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- Disrupción na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos/as compañeiros/as.
- Distracción e falta de atención.
- Esquecemento do material para o desenvolvemento das clases.
- Falta de respecto entre o alumnado (pequenas pelexas e insultos referidos a características físicas, principalmente durante os recreos).

Consideramos que as principais causas son:

- Imitación de roles.
- Impulsividade.
- Ausencia de normas dentro do contorno familiar ou falta de criterio na aplicación das mesmas.

Todo isto inflúe na vida do centro provocando: a imitación por parte dalgúns compañeiros/as de condutas inapropiadas, interrupción do ritmo normal de clase, aparición de altercados nas horas de recreo, podendo ocasionar puntualmente conflitos entre familias intentando impoñer o seu criterio persoal en defensa do seu fillo/a.

As relacións entre o profesorado son boas, realizándose axeitadamente as tarefas de coordinación propias e necesarias para un bo desenvolvemento da actividade docente, tanto no ámbito dos equipos de ciclo, nos equipos de nivel ou nos Claustros. Todo isto repercute positivamente no ambiente xeral do centro.

As relacións do profesorado co alumnado tamén se valoran de modo positivo, agás situacións puntuais derivadas do incumprimento das normas establecidas.

Por último destacar, que salvo pequenas excepcións, tamén son ben valoradas as relacións do profesorado coas familias, pois participan nas actividades que se organizan e intentan contribuír positivamente na mellora da educación e formación dos seus fillos/as.

3.3. Respostas que se dan no centro

As accións encamiñadas á mellora da convivencia no noso centro educativo están presentes, ademais de neste documento, no Plan de Acción Titorial e nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro.

Todas estas accións teñen como referencia entender os conflitos como a confrontación que se produce entre diversos intereses e a actitude coa que se debe enfrontar unha persoa a eles é, se cabe, máis importante que a resolución dos mesmos. Os esforzos deben centrarse en buscar solucións cun talante colaborador e de flexibilidade para o cambio.

A nosa práctica debe estar baseada no diálogo, avanzando cara á participación, o compromiso e a responsabilidade, co obxectivo de lograr a autonomía individual e do grupo, atendendo á diversidade de persoas e situacións.

Intentamos establecer compromisos para:

- Acadar un clima de orde, seguridade e traballo eficaz.
- Lograr a participación activa e a implicación da comunidade educativa.
- Favorecer relacións positivas de consideración e respecto.
- Implicar e estimular a participación do equipo directivo.
- Potenciar o traballo de titoría, clave no desenvolvemento persoal e social do alumnado.

A partir da análise do noso grupo-clase encamiñaremos o tipo de convivencia que desexamos, tendo presentes as seguintes pautas que nos axuden a potenciar a relación e a aprendizaxe entre iguais:

- Empregar unha metodoloxía participativa na que o alumnado é protagonista.
- Agrupar e situar ao alumnado na aula empregando criterios previamente establecidos e en función de tarefas concretas a realizar.
- Fomentar o hábito de escoitar e recoller todas as opinións para telas en conta.
- Repartir as tarefas a realizar compensando posibles desigualdades.
- Desenvolver sempre, polo menos, dúas posibles solucións. Desta forma evitaremos a uniformización da opinión e favoreceremos a argumentación e interacción entre o alumnado.

Desenvolver unha convivencia axeitada na aula precisa que exista un bo nivel de coordinación entre o equipo docente. Esta coordinación establecerase marcando unha actuación conxunta e coherente sobre unha mesma liña de traballo. Determinaremos cales son os obxectivos básicos a conseguir con cada grupo-clase, e estableceremos as normas a seguir e respectar conxuntamente co alumnado, posibilitando así a súa interiorización e a súa transferencia a outras situacións.

Deseñamos actuacións especiais no caso de grupos que sexan especialmente conflictivos ou no de alumnos/as que presenten problemas de comportamento dende os primeiros anos de escolaridade. En ámbolos dous casos analizamos a orixe dos problemas, coñecendo a situación familiar, como foi a súa escolarización anterior, en que circunstancias aparecen as situacións conflictivas e cales son os desencadeantes.

En todo caso, o traballo coordinado do equipo docente é fundamental: establecendo dende o inicio do curso as normas co grupo, precisando as medidas que se tomarán como sancións e como reforzos positivos, seguindo e comunicando a outros mestres e ao alumnado a evolución do comportamento e transmitindo ás

familias as decisións tomadas, para que coñezan e apoiem na casa as normas que se traballen no centro.

É de destacar pois, que a acción titorial é un instrumento de grande importancia para desenvolver a convivencia. A través dela, o profesorado pode dispoñer dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao resto do profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas emocións e comportamentos así como de expresar as súas opinións. O noso Plan de Acción Titorial debe ser asumido e coñecido por todas as partes implicadas coa finalidade de asegurar a súa boa posta en práctica e a súa colaboración para a mellora da convivencia no centro.

3.4. Comisión de Convivencia Escolar

Tal como recolle o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o centro constituirá unha Comisión de Convivencia no seo do Consello Escolar. Esta comisión trátase dun órgano colexiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro e, de ser o caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima de convivencia escolar.

3.4.1 Composición e elección dos seus membros

- Os seus membros serán elixidos polo consello escolar do centro, segundo o establecido no artigo 6.2 do Decreto 8/2015. Deberán estar representados, de forma equilibrada, mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.
- Os integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos serán nomeados pola persoa responsable da dirección do centro, por proposta dos colectivos representados. Todos os representantes estarán na mesma proporción na que se encontran representados no consello escolar do centro, aínda que non é requisito que sexan os mesmos.
- O seu presidente será a persoa titular da dirección do centro.
- O/A xefe/a de estudos
- O/A xefe/a do equipo de orientación.
- Dous representantes do profesorado.
- Dous representantes das familias. Preferiblemente quen teña formación e sensibilidade polos temas da convivencia.

- Un representante do persoal de administración e servizos.

Unha das persoas integrantes actuará como secretario/a e redactará a acta das súas reunións

3.4.2. Calendario de reunións

- Ordinarias: tres anuais (unha por trimestre).

- Extraordinarias: cantas veces sexa convocada.

- Por iniciativa da presidencia.

- Por proposta, polo menos, dunha terceira parte dos seus membros.

3.4.3. Funcións e actuacións:

- Elaborar, desenvolver, seguir, avaliar e revisar o plan de convivencia (de non estar constituída a comisión de convivencia, estas son asumidas polo equipo directivo).

- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.

- Elevar ao consello escolar de cada centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo propostas polas escolas de nais e pais que se poidan crear no centro e se establezan no plan de convivencia.

- Funcións, por delegación do consello escolar:

* Dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas no procedemento de elaboración, desenvolvemento, seguimento e revisión do plan de convivencia do centro.

* Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro

* Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica dos conflitos

- * Propoñerlle ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- * Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- * Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos que foran impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- * Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- * Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro, no que se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia: este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de inspección educativa.
- * Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro ou o órgano da Administración educativa con competencias na materia.

ASESORAMENTOS

- A comisión de convivencia poderá solicitar asesoramento de profesionais do Departamento de Orientación do centro.
- A comisión de convivencia tamén pode solicitar a colaboración do profesorado titor relacionado co tema a tratar, do educador/a social do concello e doutros profesionais segundo a problemática a tratar

4. PRINCIPIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

1. A elaboración do Plan de Convivencia é o resultado dun consenso e implicación de todos os sectores que formamos a Comunidade Educativa (profesorado, familias, alumnado e persoal non docente) para o fomento dunha boa convivencia no centro.
2. Non consideramos os aspectos de convivencia só como aspectos organizativos senón ademais como contidos a desenvolver e parte da formación do alumnado. Débese ter en conta a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe.
3. Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un fin educativo a traballar. A convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo proceso educativo. Para conseguir unha boa convivencia no centro e para lograr un clima participativo e democrático é necesario potenciar estas condutas. Ademais, debe desenvolverse nos alumnos/as unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social.
4. O conflito é inherente á vida en común das persoas. É algo normal en toda sociedade libre e democrática. Debe entenderse como algo positivo para desenvolver o labor educativo e, sobre todo, debe servir como medio de aprendizaxe a busca dalgunha solución de forma democrática, dialogada e pacífica, mantendo certa harmonía nas relacións entre as persoas.
5. Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma do alumnado. A disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e condutuais.
6. As actitudes a desenvolver e a organización do centro en materia de convivencia deberán basearse nas Normas de Organización do Centro e no estipulado neste Plan de Convivencia.

5. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Obxectivos xerais:

1. Conseguir a integración de todo ó alumnado sen discriminación por razón de raza, sexo ou idade, introducindo actividades inclusivas, tanto na linguaxe (non sexista, por exemplo) como na metodoloxía e nas relacións persoais.
2. Fomentar a implicación das familias, utilizando mecanismos de mediación, seguimento e avaliación no traballo con elas.
3. Mellorar as relacións entre todos os membros da Comunidade Educativa, implicándoos en todas as actividades encamiñadas a facilitar a convivencia no centro.
4. Previr os conflitos dentro e entre os distintos sectores da Comunidade Educativa.
5. Priorizar a educación en valores de entre os demais contidos do currículo, asignándolles espazos e tempos específicos.
6. Traballar a educación emocional, as habilidades sociais, a comunicación a negociación e a cooperación, cos medios, os espazos e os tempos necesarios.
7. Establecer claramente as diferentes tipoloxías de conflitos persoais existentes e establecer protocolos de actuación que eviten a improvisación, sen esquecer que, de todos xeitos, as solucións serán diferentes segundo os casos.
8. Fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos comúns para facilitar a convivencia entre o alumnado.
9. Prestar unha atención específica ó alumnado que, por diversas causas, presente comportamentos que alteren a convivencia no centro e a daquel outro alumnado que padece as súas consecuencias.

Obxectivos específicos:

1. Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).
2. Coñecer a existencia das posibles problemáticas de relación que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
3. Elaborar de forma consensuada as normas de convivencia do centro e de aula.
4. Revisar e adaptar dos documentos de organización e de xestión de xeito que favorezan o clima de centro.
5. Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
6. Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
7. Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
8. Diseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
9. Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situación contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
10. Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación. Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia

11. Prever, no plan de convivencia, as propostas de mellora da convivencia desde a perspectiva dos diferentes compoñentes da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos).

6. NORMAS DE CONVIVENCIA: TRATAMENTO E CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

6.1. Dereitos e Deberes dos membros da Comunidade Educativa

As normas básicas de convivencia están integradas nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF) e dan cumprimento ao presente Plan de Convivencia. Como fundamento a estas Normas Básicas de Convivencia, debemos partir dos Dereitos e Deberes que teñen os diferentes membros da Comunidade Educativa xa que eles nos marcan o primeiro escalón do edificio reglado que construíra o centro.

Dereitos e deberes do alumnado

Dereitos do alumnado

No noso centro, todos/as os/as alumnos/as teñen dereito:

1. A recibir formación integral e co-educativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
3. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
4. A que o seu rendemento sexa avaliado con plena obxectividade.
5. A recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.

6. A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
7. A que se lles respecte a súa liberdade de conciencia, conviccións relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas.
8. A ser educados fomentando a súa capacidade e actitude crítica, a súa capacidade de comprensión e elección en liberdade, a súa tolerancia e a súa convivencia democrática.
9. Á liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto aos principios constitucionais.

Deberes do alumnado

Asimesmo, no noso centro os/as alumnos/as terán o deber de:

1. Aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Por iso, o interese por aprender e a asistencia á clase, é dicir, o deber do estudo, é a consecuencia do dereito fundamental á educación.
2. Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.
3. Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
4. Respetar a liberdade de convivencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
5. Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
6. Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
7. Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

8. Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
9. Os/as alumnos/as deben respectar a liberdade de conciencia e as conviccións, dignidade, integridade e intimidade dos demais membros da comunidade educativa.
10. Os alumnos non poden fumar, consumir alcohol (ou calquera outra substancia perigosa para a saúde) no recinto escolar nin en calquera actividade relacionada co ámbito educativo.
11. Aos alumnos/as non lles está permitido abandonar a aula en ausencia dun profesor, nin nos cambios de clase.
12. Os alumnos/as deberán abandonar a aula de clase nas horas de recreo. Non se poderá ir á aula nin quedar nos corredores do centro mentres duren os recreos agás que permanezan cun profesor/a.

Dereitos e deberes das familias

Dereitos das familias

Os país, nais e/ou titores legais teñen os seguintes dereitos:

1. A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
2. A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio-educativa dos seus fillos ou fillas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
3. A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
4. A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
5. Colaborar, como primeiros educadores, na educación integral dos seus fillos e fillas.

6. Participar activamente nas actividades do centro a través dos órganos e mecanismos que a lei establece.
7. Formular suxestións, queixas ou peticións que consideren oportunas, ao equipo directivo e profesores do centro nas horas de visita establecidas a tal efecto.
8. Dereito de elixir ou ser elixido representante nos órganos de goberno do centro e a participar activamente nos mesmos.
9. Participar na elaboración, desenvolvemento e modificación do NOF nos termos que a lei estableza.
10. Recibir información puntual en caso de non asistencia a clase dos fillos/as.
11. Promover e organizar actividades complementarias e extra- escolares en colaboración con outros sectores da comunidade escolar.
12. A que reciban os seus fillos/as unha educación de calidade.

Deberes das familias

Os pais, nais e/ou titores legais teñen os seguintes deberes:

1. Coñecer, participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos e fillas, en colaboración co profesorado e co centro docente.
2. Coñecer as normas establecidas polo centro docente, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
3. Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
4. Colaborar co centro docente na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos e fillas.
5. Procurar a asistencia e puntualidade dos seus fillos/as ao centro así como puntualidade na recollida á hora de saída.
6. Xustificar debidamente as faltas de asistencia que se produzan.

7. Conceder o debido valor aos resultados da avaliación continua que periodicamente reciban, estimulando e supervisando para que os seus fillos leven a cabo as actividades que se lles encomenden.

8. Acudir ao centro cando sexa requirido pola dirección, o titor/a, o orientador/a ou calquera dos profesores dos seus fillos/as.

Dereitos e deberes do profesorado

Dereitos do profesorado

Os profesores teñen, entre outros, os seguintes dereitos:

1. A ser respectados, recibir un trato adecuado e ser valorados polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

2. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

3. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

4. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extra- escolares.

5. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

6. Á utilización das instalacións, mobiliario e material do centro.

7. Realización de actividades culturais, deportivas e fomento dun traballo coordinado e en equipo.

8. Participación activa na vida escolar e na organización do centro.

9. Formular ante os membros da comunidade escolar do centro tantas iniciativas, suxestións e reclamacións estimen oportunas.

10. Participar en actividades e cursos de perfeccionamento, seguindo os requisitos que establece a lexislación vixente.

11. Asesorar aos seus representantes no Consello Escolar e ser informados puntualmente por estes das resolucións tomadas nas reunión deste órgano.

Deberes do profesorado

Os profesores/as terán, entre outros, os seguintes deberes:

1. Impartir as ensinanzas das materias ao seu cargo, de acordo coas programacións didácticas dos ciclos, utilizando os materiais didácticos axeitados.

2. Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

3. Adoptar as decisión oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extra- escolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndolas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

4. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

5. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socio- educativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

6. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa, das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

7. Asumir as titorías dos alumnos/as, para dirixir a súa aprendizaxe e axudalos/as a superar as dificultades que atopen.

8. Aceptar os cargos e funcións que se lle encomenden, segundo a lexislación vixente.
9. Respetar a integridade física, moral e dignidade persoal dos alumnos/as.
10. Cooperar e participar na actividade educativa e de orientación, achegando o resultado das súas observacións sobre as condicións intelectuais e persoais dos alumnos/as.
11. Participar nos traballos dos ciclos, equipos e demais órganos de coordinación, colaborando cos demais profesores.
12. Colaborar na organización de actividades complementarias e extra- escolares. A participación do profesorado nas actividades extra- escolares ten carácter voluntario.
13. Asistir ás reunión do claustro, sesións de avaliación, reunións de equipos e de ciclo.
14. Cumprir con regularidade e puntualidade o seu horario, debendo xustificar os retrasos e ausencias de modo regulamentado. Deberán, tamén, solicitar coa debida antelación aqueles permisos establecidos na lei e todas aquelas ausencias de carácter previsible.
15. escoitar ao alumno/a nas súas obxeccións e suxestións, someténdoo a exame. Ser obxectivo na avaliación do rendemento e comportamento escolar do alumnado.
16. Controlar diariamente as faltas de asistencia dos alumnos/as a cada unha das súas clases, comunicando á xefatura de estudos as ausencias inxustificadas.
17. Atender aos procedementos sinalados para a comunicación e corrección de faltas na súa respectiva competencia.
18. Recibir e informar aos alumnos e aos seus pais/titores sobre o seu rendemento escolar.
19. Respetar e actuar de acordo co Proxecto Educativo e demais normativa do centro.

Dereitos e deberes do persoal de administración e servizos

Dereitos do persoal de administración e servizos

Ao persoal de administración e servizos dos centros docentes no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

1. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
2. A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
3. A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
4. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

Deberes do persoal de administración e servizos

No marco das funcións establecidas pola normativa vixente e os convenios e regulamentos correspondentes, son deberes do persoal de administración e servizos:

1. Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración Educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

4. Gardar sxiilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
5. Colaborar no bo funcionamento e estado das instalacións dando conta do deterioro e anomalías que podan atopar.
6. Velar pola seguranza das persoas e das instalacións, non permitindo o acceso de persoas alleas ao centro ou non identificadas.
7. Contribuír ao aforro de recursos empregando adecuadamente o material e evitando o gasto inútil de enerxía e auga.
8. Apertura e peche das dependencias do centro. Tocar o timbre do colexio sinalando as entradas, saídas e recreos. Non permitirá a saída do recinto escolar durante as horas de clase a ningún alumno sen autorización do titor/a e sen a presenza dos pais, Titor ou familiar debidamente identificado.
9. Recibir, conservar e distribuír a correspondencia e documentación que se lle encomende. Realizar o traslado de material, mobiliario e aveños que se lle encomenden. Prestar servizos adecuados á natureza das súas funcións en arquivos, almacéns, reprografía, etc.
10. O secretario do centro supervisará, por delegación do director/a, a actividade e funcionamento do persoal de administración e servizos.

6.2. Resolución de conflitos: conciliación e mediación

Tendo sempre presentes todos estes Dereitos e Deberes, tomaremos como obxectivo fundamental, fomentar o respecto mutuo, a tolerancia e a mellora das relacións entre os membros da comunidade educativa, acollendo como filosofía a “cultura de resolución pacífica de conflitos” e a prevención dos mesmos.

Procurarase a resolución conciliada das alteracións graves ou leves de convivencia, a fin de evitar, sempre que sexa posible, a incoación de expedientes disciplinarios, buscando a función educativa e reparadora de todo proceso corrector

OBXECTO E ÁMBITO. A mediación escolar é un método de resolución de conflitos mediante a intervención dunha persoa mediadora, co obxecto de axudar ás partes a obter un acordo satisfactorio por elas mesmas. O proceso de mediación pódese utilizar coma estratexia preventiva na xestión de conflitos entre as persoas integrantes da comunidade escolar, anque non estean tipificados coma condutas contrarias ou gravemente prexudiciais para a convivencia no centro. Pósese ofrecer a mediación na resolución de conflitos xerados por condutas do alumnado contrarias ás normas de convivencia, agás que se dea algunha das circunstancias seguintes:

a) Que na conduta contraria á convivencia se teña utilizado grave violencia ou intimidación.

b) Que xa se teña utilizado reiteradamente o proceso de mediación na xestión dos conflitos co mesmo alumno ou alumna, durante o mesmo curso escolar, calquera que fora o resultados destes procesos. Pódese ofrecer a mediación coma estratexia de reparación ou de reconciliación, unha vez aplicada unha medida correctora, para restablecer a confianza entre as persoas e proporcionar novos elementos de resposta en situacións parecidas que se podan producir.

PRINCIPIOS BÁSICOS. Para levar a cabo a resolución conciliada será necesario que o alumno (ou seus pais ou representantes legais) acepten esta fórmula de resolución e se comprometan a cumprir as medidas acordadas. A mediación escolar basease nos principios seguintes: a) A voluntariedade, segundo a cal as persoas implicadas no conflito son libres de acollerse ou non á mediación, e tamén de desistir dela en calquera momento do proceso. b) A imparcialidade da persoa mediadora que ten que axudar ás persoas participantes a alcanzar o acordo pertinente sen impoñer ningunha solución nin medida concreta nin tomar parte. c) A confidencialidade, que obriga ás persoas participantes no proceso a non revelar a persoas alleas ao proceso de mediación a información confidencial. d) O carácter persoalísimo, que supón que as persoas que toman parte no proceso de mediación teñen que asistir persoalmente ás reunións de mediación, sen que se podan valer de persoas representantes ou intermediarias.

REUNIÓN CONCILIADORA. Para chegar a unha solución conciliada que evite a tramitación dun expediente sancionador, será imprescindible a celebración dunha

reunión previamente convocada, coa asistencia do Director, profesor-titor do alumno, o propio alumno, os pais ou representantes legais

EFECTOS DA MEDIACIÓN. O proceso de mediación iniciase por ofrecemento da dirección do centro e finaliza co acordo, unha vez producida a conciliación e cumpridos, no seu caso, os pactos de reparación. Se o proceso de mediación finaliza sen acordo, ou se incumpren os pactos de reparación por causa imputable ao alumno ou alumna ou os seus pais, a persoa mediadora comunicarao por escrito á persoa titular da dirección do centro, que adoptará a seguinte medida: iniciará o procedemento para a aplicación de medidas correctoras, no caso de que os feitos que deron lugar á posta en marcha do procedemento de mediación sexan constitutivos de conduta contraria ás normas de convivencia ou gravemente prexudicial para as mesmas. Cando non se poda chegar a un acordo de mediación porque a persoa prexudicada non acepte a mediación, as desculpas do alumno ou a alumna ou o compromiso de reparación ofrecido, ou cando o compromiso de reparación acordado non se poda levar a cabo por causas alleas á vontade do alumno ou alumna, esta actitude debe ser considerada como circunstancia que pode diminuír a gravidade da súa actuación. A persoa mediadora pode dar por acabada a mediación no momento que aprecie falta de colaboración nunha das persoas participantes ou calquera circunstancia que faga incompatible a continuación do proceso de mediación. O proceso de mediación débese resolver no prazo máximo de quince días desde a designación da persoa mediadora. As vacacións escolares interrompen o cómputo do prazo.

ACORDO ESCRITO. Deixarase constancia do acordo nun documento escrito, dirixido ao director do centro, que deberá incluír, a lo menos, os seguintes extremos: feitos ou condutas imputadas ao alumno, corrección que se impón, aceptación expresa por parte do alumno (os seus pais ou representantes legais), data de inicio dos efectos da corrección e sinatura dos asistentes. E no caso de realizadas as investigacións pertinentes e chegados á conclusión de que non existe acción sancionable, informarase do peche do caso e arquivo do mesmo. No seguinte enderezo atópanse os modelos normalizados que recollen o procedemento que cómpre seguir para a tramitación dos procedementos correctores de condutas contrarias ás normas de convivencia.

6.3. Condutas contrarias á convivencia:

6.3.1 Tipos de condutas e Medidas correctoras.

Seguindo a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, no capítulo II, considéranse condutas contrarias á convivencia:

1. As condutas contrarias á convivencia nos centros docentes clasifícanse en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e condutas leves contrarias á convivencia.
2. Cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta, deberá comunicarllo á dirección do centro educativo para a súa remisión á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras relacionadas con cada conduta grave

| CONDUTAS | MEDIDAS CORRECTORAS | QUEN É COMPETENTE |
|---|--|--|
| <p>- Reiteración no incumprimento do horario do centro.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación á familia por parte da Dirección do centro. • Aplicación protocolo de Absentismo. | <ul style="list-style-type: none"> • Equipo Directivo |
| <p>- Reiteración de faltas sen xustificar.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación á familia por parte da dirección do Centro. • Comunicación aos Servizos Sociais do Concello. • Comunicación aos servizos de | <ul style="list-style-type: none"> • Equipo Directivo • Equipo Orientación |

| | <p>Inspección da Delegación.</p> | |
|---|--|---|
| <p>- Reiteración da perturbación do normal desenvolvemento das actividades docentes.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación escrita familia. • Comunicación por escrito das seguintes medidas: • Suspensión do dereito a participar nas actividades Complementarias. • Suspensión do dereito a asistir a clase por un prazo máximo de tres días. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ora • Xefa/e de Estudos e Director/ora |

| | | |
|---|---|---|
| <p>- Faltas de respecto, pelexas, ameazas graves entre compañeiros e compañeiras.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación escrita familia. <p>Comunicación por escrito das seguintes medidas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Suspensión do dereito a participar nas actividades Complementarias. • Suspensión do dereito a asistir a clase por un prazo máximo de tres días. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ora • Xefa/e de Estudos e Director/ora |
| <p>- Levantar rumores, inxurias ou incitar a pelexas entre</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación escrita familia. • Realización de tarefas en horario lectivo ou non lectivo. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ ora e Xefa/e de Estudos e Director/ora |

| | | |
|--|---|--|
| <p>compañeiros ou compañeiras perturbando gravemente a convivencia.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Suspensión do dereito a participar nas actividades Complementarias. | |
| <p>-Faltas continuadas de disciplina nas actividades complementarias ou extraescolares.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación escrita familia. • Suspensión temporal ou definitiva do dereito a participar na actividade. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ ora e Xefa/e de Estudos e Director/ora |
| <p>- Saír do centro en horario escolar sen autorización.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Amoestación escrita. • Realización de tarefas. • Comunicación á familia. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ ora e Xefa/e de Estudos e Director/ora |

| | | |
|---|---|--|
| <p>Falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación escrita. • Realización de tarefas en horario lectivo ou non lectivo. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ ora e Xefa/e de Estudos e Director/ora |
| <p>-Usar teléfonos móbiles ou traer xogos violentos en calquera soporte.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Amoestación escrita. • Realización de tarefas. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ ora e Xefa/e de Estudos e Director/ora |

Condutas leves contrarias á convivencia

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da liña b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da liña g), os actos inxustificados da liña h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares,

cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.

- c) A non asistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Medidas correctoras relacionadas con cada conduta leve

| CONDUTAS | MEDIDAS CORRECTORAS | QUEN É COMPETENTE |
|---------------------------------------|--|--|
| - Incumprimento do horario do centro. | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Comunicación á familia. | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación oral polo mestre/a que observa a situación. • Comunicación ao titor/ora. • Comunicación á familia polo titor/ora (previo aviso o Equipo Directivo) |
| - Faltas sen xustificar. | <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación á familia. | <ul style="list-style-type: none"> • Comunicación á familia polo titor/ora (previo aviso ao Equipo |

| | | Directivo) |
|---|--|--|
| <p>- Perturbación do normal desenvolvemento das actividades docentes: molestar na clase....</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Amoestación por escrito (despois de varios avisos, consensuar coa clase cantos) no formulario feito para tal efecto. • Cambio de grupo por un período de ata unha semana, despois dun máximo departes. | <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ora • Titor/ora. • Titor/ora e Xefa de estudos. |
| <p>- Actos leves de desconsideración cara ao profesorado ou ao persoal adscrito ao Centro .</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Amoestación por escrito (nº de partes consensuados coa clase) | <ul style="list-style-type: none"> • Mestre/a implicado e comunicación ao titor/ora. • Titor/ora. • Titor+ Xefe/a de estudos. |

| | | |
|---|--|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> • Realización de tarefas en beneficio da comunidade escolar. | |
| <p>Discriminación por razón de nacemento, raza, xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Amoestación por escrito (nº de partes consensuados coa clase) • Realización de tarefas en beneficio da comunidade escolar. | <ul style="list-style-type: none"> • Mestre/a implicado e comunicación ao titor/ora • Titor/ora. • Titor+ Xefe/a de estudos. |
| <p>- Faltas de respecto, pelexas, ameazas leves entre compañeiros e compañeiras.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Amoestación por escrito (nº de partes consensuados coa clase) • Realización de tarefas en | <ul style="list-style-type: none"> • Mestre/a implicado e comunicación ao titor/ora. • Titor/ora. • Titor+ Xefe/a de estudos. |

| | beneficio da comunidade escolar. | |
|--|---|---|
| - Agresión física ou moral leve contra os demais membros da comunidade educativa | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación por escrito. • Comunicación á familia. | <ul style="list-style-type: none"> • Mestre/a implicado e comunicación ao titor/ora <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ora. |
| - Facer uso indebido do material e instalacións do Centro ou non coidar a orde e a limpeza do mesmo. Sempre que non constitúa unha conduta gravemente prexudicial para os membros da comunidade. | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Comunicación escrita (parte). • Comunicación a familia. • Realización de tarefas específicas que contribúan a mellora das instalacións do centro. • Reposición do | <ul style="list-style-type: none"> • Mestre/a implicado e comunicación ao titor/ora <ul style="list-style-type: none"> • Titor/ora. • Titor+ Xefe/a de estudos. |

| | | |
|--|---|---|
| | <p>material deteriorado.</p> | |
| <p>- Subtraer ou causar danos de forma intencionada nas instalacións do colexio ou nas pertenzas doutros membros da comunidade educativa.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Devolución do subtraído. • Actividades encamiñadas a reparar o dano causado. • Se o anterior non fora posible, a familia terá que facerse cargo do custo económico da reparación como responsable civil. | <ul style="list-style-type: none"> • Mestre/a implicado e comunicación ao titor/ora • Titor/ora. • Titor/ora + Equipo Directivo |
| <p>- Uso ou introdución de obxectos ou substancias que poidan ser prexudiciais para</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Amoestación escrita se é reiterativo. • Comunicación a | <ul style="list-style-type: none"> • Mestre/a implicado e comunicación ao titor/ora • Titor/ora. • Titor/ora + Equipo |

| os integrantes da comunidade educativa. | familia. | Directivo |
|--|--|--|
| <p>- Faltas de disciplina nas actividades Complementarias.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • Amoestación verbal. • Amoestación escrita (parte). • Comunicación a familia. | <ul style="list-style-type: none"> • Mestre/a implicado e comunicación ao titor/ora • Titor/ora. |

6.3.2 Procedemento sancionador

Principios xerais das medidas correctoras

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
 - a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
 - b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

- c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.
- d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia

1. A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:
 - a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 22 desta lei.
 - b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 22 desta lei.
 - c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 22 desta lei.
 - d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 22 desta lei. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á Comisión de Convivencia Escolar do centro.
2. As resolucións que impoñen as medidas correctoras ás que se refire este artigo poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

1. As medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario regulado neste artigo.
2. Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.
3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instrutora. Así mesmo, comunicarase á inspección educativa.
4. No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar con motivo, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, como medidas provisionais o cambio temporal de grupo da alumna ou alumno ou a suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período non superior a cinco días lectivos. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade.
5. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou alumno e, se é menor de idade, á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de non comparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei.
6. Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos nos termos previstos polo artigo 13 desta lei.
7. A resolución notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, ou a este se é maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que

se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicárase á inspección educativa.

8. A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Prescripción das condutas contrarias á convivencia

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes tipificadas nesta sección prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescripción comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescripción non se empezará a computar mentres aquela non cese.
3. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescripción para o caso de producirse a caducidade do procedemento.

7. ACTUACIÓNS

En base a todo o anteriormente citado, o centro promoverá ademais as seguintes actuacións para previr os problemas de convivencia e, se fose preciso, sancionar as condutas contrarias á mesma.

7.1. Sensibilización da comunidade educativa sobre as normas de convivencia do centro e da aula

- Reunión principio de curso pais- titores/as.
- Plan de Acción Titorial: programa de acollida.

7.2. Prevención e intervención en caso de absentismo escolar.

- Control, seguimento e intervención co alumnado das faltas de asistencia e puntualidade do alumnado.
- Protocolo: ficha de rexistro, ficha derivación a servizos sociais, modelo carta a pais.

7.3. Intervención sobre coeducación.

- Actuacións organizativas do centro que favorezan a coeducación.
- Plan de acción tutorial: programa de violencia de xénero e os estereotipos nos sexos.

7.4. Formación do profesorado para a prevención e Intervención na resolución de conflitos.

- Plan de acción tutorial: programa de resolución de conflitos entre iguais.

7.5. Formación do alumnado.

- Charlas sobre autoestima, educación emocional, habilidades sociais, prevención de drogodependencia..., a cargo de organismos externos (CFR, CAFI, concello, cruz vermella, entidades privadas...).

7.6. Formación de pais/nais.

- Colaboración na elaboración e posta en marcha dunha escola de pais/nais na que se aborden diferentes temáticas: apoio ao estudo, autoestima, normativa familiar...

8. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

8.1. Definición e protección ás vítimas

O acoso escolar (tamén coñecido como hostilidade escolar, ou polo seu termo inglés *bullying*) é calquera forma de maltrato psicolóxico, verbal ou físico producido entre escolares de forma reiterada ao longo dun tempo determinado.

Estatisticamente, o tipo de violencia dominante é a *emocional* e dáse maioritariamente na aula e patio dos centros escolares. Os protagonistas dos casos de acoso escolar acostuman ser nenos e nenas en proceso de entrada na adolescencia (12-13 anos), sendo lixeiramente maior a porcentaxe de nenas no perfil de vítimas.

O *acoso escolar* é unha forma característica e extrema de violencia escolar. Este tipo de violencia escolar caracterízase, por tanto, por unha reiteración encamiñada a conseguir a intimidación da vítima, implicando un abuso de poder en tanto que é exercida por un agresor máis forte (xa sexa esta fortaleza real o percibida subxectivamente) que aquela.

O suxeito maltratado queda, así, exposto física e emocionalmente ante o suxeito maltratador, xerándose como consecuencia unha serie de secuelas psicolóxicas (aínda que estas non formen parte do diagnóstico); é común que o acosado viva aterrorizado coa idea de asistir á escola e que se amose moi nervioso, triste e solitario na súa vida cotiá. En algúns casos, a dureza da situación pode carrexar pensamentos sobre o suicidio e incluso a súa materialización, consecuencias propias da hostilidade cara ás persoas sen limitación de idade.

Para falar de acoso escolar ou *bullying* deben darse unha intimidación sistemática e reiterada no tempo e implica tres compoñentes:

1. Un poder desequilibrante entre o acosador e a vítima (real ou percibido só pola vítima).
2. Unha agresión exercida polo acosador/a ou un grupo que intenta danar á vítima de modo intencionado.
3. Un comportamento agresivo cara unha mesma vítima, que se produce de forma intencionada.

Isto é moi importante para diferenciarlo ben doutras situacións disruptivas puntuais que se presentan no ámbito escolar e que non teñen as características antes descritas aínda que requiran tamén unha resposta moi clara e efectiva por parte da comunidade educativa.

Protección ás vítimas

1) A dirección dos centros docentes e os titulares dos centros concertados e dos centros privados, así como a Administración educativa, adoptarán as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.

2) A protección da vítima garantírase mediante medidas preventivas que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

8.2. Medidas de prevención, detección e intervención en caso de maltrato entre iguais.

Medidas de prevención

- Plan de Acción Titorial.
- Posta en práctica do protocolo de actuación en casos concretos.
- Programa de resolución de conflitos entre iguais.
- Programa de desenvolvemento socio- afectivo.
- Programa de habilidades sociais.

Medidas de detección

- Avaliación do clima da clase sobre bullying: observación e enquisa.
- Realización de sociogramas.

Medidas de intervención en caso de maltrato entre iguais

- Actividades para a modificación da conduta.

8.3. Protocolo de actuación ante unha solicitude de intervención en caso de acoso e intimidación entre compañeiros/as

Principios da intervención:

- Intervención inmediata e urxente.
- Intervención coordinada entre o centro educativo e Instancias externas:
 - A nivel de centro educativo (Equipo Directivo, titor/a, orientador/a, e comisión de convivencia).
 - Instancias externas (Inspección Educativa, Servizos de Saúde, Servizo Social de Base,...).
- Necesidade de respectar a confidencialidade.
- Importancia da labor preventiva, desenvolvendo os Programas Educativos necesarios.

Tipos de acoso e intimidación

Agresións físicas, exclusión social, difusión de contos, alcumes, roubo de material.....

Indicadores para identificar ao alumno/a vítima

- É repetidamente chamado por alcumes, ridiculizado, intimidado, degradado, dominado... Rinse del de forma pouco amigable.
- Sufre agresións físicas das que non pode defenderse adecuadamente. Presenta rabuños e outras mostras de lesión física.
- O seu material está deteriorado e perde pertenzas con frecuencia.
- Involúcrase en pelexas onde se encontra indefenso.
- Está a miúdo so/a e excluído/a do grupo.
- Ten dificultade para falar na clase e amósase inseguro/a.
- Aparece a depresión, infelicidade, distracción.
- Amona un gradual deterioro do interese polo traballo escolar.

Guía de actuación

Paso 1. Identificación, comunicación e denuncia da situación.

Calquera membro da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento ou sospeitas dunha situación de maltrato sobre algún alumno ou alumna ten a **obriga** de poñelo en coñecemento dun

profesor ou profesora, do titor ou titora, da orientadora do centro ou do Equipo Directivo, segundo o caso, e membro da comunidade educativa que teña coñecemento da situación. En calquera caso, o receptor ou receptora da información sempre informará ao director ou directora ou, na súa ausencia, ao resto do Equipo Directivo.

Paso 2. Actuacións inmediatas.

Tras a comunicación indicando que algún alumno ou alumna se atopa nunha posible situación que poida reflectir algunha sospeita ou evidencia de maltrato escolar, reunirse a comisión de urxencia do observatorio de convivencia, co titor/a, para analizar e valorar a intervención necesaria.

Paso 3. Medidas de urxencia.

En caso de considerarse necesario, terán que adoptarse as medidas de urxencia que se requiran para protexer á persoa agredida e/ou evitar as agresións:

- Medidas que garantan a inmediata seguridade do alumno ou alumna maltratada, así como medidas de apoio e axuda: incremento da vixilancia nos lugares onde se produce, cambio de grupo,...
- Medidas preventivas dirixidas ao alumno ou alumna maltratador/a. Medidas disciplinarias preventivas para o agresor/es: Aplicación do Regulamento de Réxime Interno do centro.
- Información ás familias. O titor/a, o orientador/a e o equipo directivo realizarán unha entrevista individual con cada unha das familias do alumnado implicado garantindo a confidencialidade da información.

Paso 4. Traslado á familia.

O titor ou a titora e o orientador ou orientadora, logo de coñecemento de Equipo Directivo, con debida cautela e mediante entrevista, porá o caso en coñecemento das familias do alumnado implicado, achegando información sobre a situación e sobre as medidas que se estean a adoptar.

Paso 5. Traslado ao resto de profesionais da situación.

O director ou directora e/ou orientador/a informará da situación ó equipo de profesores e profesoras do centro. Se estima oportuno comunicarse tamén ao resto

do persoal do centro e a outras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais en función da valoración inicial).

Paso 6. Recollida de información de distintas fontes.

Unha vez adoptadas as oportunas medidas de urxencia, o Equipo Directivo solicitará a información necesaria relativa ao feito das diversas fontes que se relacionan a continuación:

1. Recompilación da documentación existente sobre o alumnado afectado.
Observación sistemática dos indicadores sinalados:
 - Nos lugares nos que se producen as agresións, que solen coincidir coas zonas menos frecuentadas polos adultos: entradas e saídas do centro, corredores, cambios de clase, baños, vestiarios, en actividades complementarias e extraescolares. ...
 - Na clase, que é onde se produce o illamento, a intimidación, as mofas...
 - No autobús, comedor escolar: incidentes, conflitos..
 - Nas saídas extraescolares.
2. Desde o momento en que se coñece a posible existencia de maltrato cara un neno/a, é preciso impedir que se produza unha nova agresión. Polo tanto, a presenza dalgún adulto nas zonas de risco así como que o neno/a agredido/a evite estar so/a nesas zonas serán as medidas máis inmediatas que hai que tomar.
 - Á entrada da escola.
 - En clase.
 - Nos baños.
 - No patio.
 - En actividades extraescolares.
 - Á saída da escola.
 - Outros.
3. É necesario contrastar a información de varias fontes; porén, ás veces é preciso garantir a confidencialidade e discreción para poder levar a cabo a intervención con eficacia. Polo tanto, en cada situación debemos valorar a importancia de renunciar á recollida de datos dalgunha destas fontes:
 - Profesorado do grupo.
 - Familia.

- Personal de Administración e servizos.
 - Alumnado: vítima, agresor/es e espectadores.
4. Neste proceso débense considerar os seguintes aspectos:
- Garantir a protección dos menores ou as menores.
 - Preservar a súa intimidade e a das súas familias.
 - Actuar de xeito inmediato.
 - Xerar un clima de confianza básica nos menores ou as menores.
 - Recoller todo tipo de probas e indicadores.
 - Non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias.

Se considera conveniente, completárase a información con outras fontes: personal de administración e servizos, servizos sociais locais....

Unha vez recollida toda a información, o Equipo Directivo realizará un informe cos datos obtidos, para o que contrastará a información achegada polas diferentes fontes.

Paso 7. Aplicación de medidas disciplinarias.

Unha vez recollida e contrastada toda a información, procederase por parte do director ou directora do centro á adopción de medidas disciplinarias ao alumno ou alumna agresor en función do establecido no Plan de Convivencia do centro e, en calquera caso, de acordo co establecido nos artigos 24 e 25 do Decreto 19/2007 do 23 de xaneiro, polo que se adoptan medidas para a promoción da Cultura de Paz e a mellora da convivencia nos centros educativos sostidos con fondos públicos.

Paso 8. Comunicación á Comisión de Convivencia.

O director ou directora do centro trasladará o informe realizado tras a recollida de información así como, se é o caso, as medidas disciplinarias aplicadas, á Comisión de Convivencia do centro, para o seu coñecemento.

Paso 9. Comunicación á Inspección Educativa.

O Equipo Directivo remitirá así mesmo o informe ao Servizo de Inspección da Delegación Provincial correspondente, sen prexuízo da comunicación inmediata do caso, se a situación é grave.

8.4. Orientacións para a intervención directa cos afectados.

Ante a confirmación dun caso de maltrato entre compañeiros/as é necesario deter de inmediato as agresións, crear un contexto de colaboración por parte de todos os implicados/as e garantir a confidencialidade dos datos.

1.- Coa vítima

- A intervención debe realizarse coa maior discreción para evitar a exposición a situacións de risco.
- Protexer á vítima durante todo o proceso de intervención, aumentando a vixilancia nas situacións de risco e tomando medidas de apoio directo ao alumnado afectado: círculo de amigos/as, actividades programadas no patio...
- Manter entrevistas individuais para analizar as situacións vividas, os sentimentos que lle provocaron e como o afrontou.
- Propoñerlle actividades para afrontar os conflitos traballando en situacións que lle permitan poñer en práctica as habilidades para defender os seus dereitos, expoñer os seus puntos de vista...

2.- Co agresor/es

- Actuar de inmediato facilitando a axuda necesaria e considerando as razóns que lle levan a manter condutas que producen dano: falta de habilidades sociais, fracaso escolar, relacións familiares autoritarias.
- As entrevistas individuais realizaranse tratando de evitar a comunicación entre os implicados e analizando a situación coas repercusións que ten para a vítima. Facilitaremos o compromiso de cambio sen tratar de aplicar métodos coercitivos. Método Pikas.
- Deixar claro que manteremos unha postura firme, de tolerancia cero cara calquera conduta de acoso.
- Desenvolver actividades para mellorar as habilidades sociais, traballar a empatía tratando de facerlle reflexionar sobre os sentimentos da vítima.
- Axudarlle a vincularse cos demais sentíndose parte do grupo e asumindo as responsabilidades que lle corresponden.
- Aplicar programas de modificación de conduta: consecuencias negativas, reparación e restauración do dano, perda da posibilidade de realizar algunhas actividades (saídas, campamentos).
- Propoñer técnicas cognitivas de autocontrol.

3.- *Cos espectadores*

- Analizar as consecuencias que estes comportamentos teñen para todos.
- Definir os diferentes papeis que representan os espectadores e a necesidade de denunciar as condutas de acoso e intimidación.
- Fomentar a solidariedade ante a inxustiza, ensinando ao alumnado a pedir axuda, a superar o medo a ser cualificados de acusóns ou incluso a converterse eles mesmos en vítimas.

4.- *Co grupo*

- Facer saber ao alumnado que manteremos unha postura de tolerancia cero ante calquera tipo de agresións.
- Traballar para crear un clima escolar de rexeitamento aos malos tratos, mediante sesións de titoría nas que se aborde o problema de modo indirecto mediante role- playing, casos...
- Traballar a empatía e expresión dos sentimentos de maneira asertiva.
- Propoñer estratexias didácticas que axuden a cohesionar o grupo: métodos cooperativos.
- Propoñer a formación para crear equipos de mediación para a resolución de conflitos.

Materiais na páxina web de convivencia.

5.- *Coas familias*

- Hai que contar con todas as familias afectadas e solicitar a súa colaboración. Os pais deben sentirse apoiados para evitar que tomen iniciativas que agraven a situación.
- Manter reunións individuais con cada unha das familias dos afectados/as para informarlles da conduta do seu fillo/a e das medidas que puxo en marcha o centro. Non se trata de culpabilizar, senón de pedir colaboración ás familias a través de compromisos.
- Dar ás familias a posibilidade de expresar os seus sentimentos, axudándolles a analizar a situación de forma proporcionada sen minimizar os feitos nin sobredimensionar as consecuencias.
- Ofrecer pautas que axuden a afrontar de forma adecuada a situación do seu fillo/a.
- Manter informadas ás familias dos afectados/as das medidas propostas.

- Non é aconsellable realizar reunións xerais das familias para tratar estes temas, sendo moi importante facelo coa máxima discreción e confidencialidade.

6.- *Con toda a comunidade educativa*

- Reflexión global sobre a convivencia no centro.
- Revisión do Plan de Acción Titorial.
- Creación e difusión de estruturas e recursos para recibir denuncias, reclamacións e queixas: caixa de suxestións, teléfono amigo, comisión de convivencia...
- Formación do profesorado no manexo de conflitos e no ensino de habilidades de interacción persoal e social.
- Formación do alumnado para a mediación en conflitos: escoita activa, empatía, asertividade...).
- Crear comisións de alumnado que se impliquen na mellora da convivencia: apoio aos novos, acompañamento ás vítimas.

Ademais deste Protocolo para a prevención, detección e situacións de acoso escolar, e interesante recordar que desde a Consellería se definen (no espazo educonvives.gal da Xunta) outros protocolos de actuación que poden estar relacionados ou afectar a distintos aspectos da convivencia nos centros educativos:

- protocolo de absentismo escolar
- protocolo de protección de datos
- protocolo de urxencias sanitarias
- protocolo de identidade de xénero
- protocolo de risco suicida no ámbito escolar
- protocolo de atención domiciliaria

9. TEMPORALIZACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Este Plan de Convivencia está elaborado para levar a cabo nun curso escolar, valorando as actuacións e/ou necesidades anualmente (memoria da Comisión de convivencia e propostas de todos os sectores da comunidade educativa).

10.SEGUIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

Segundo o Decreto 8/2015, será a Comisión de Convivencia a quen lle corresponde realizar o seguimento e a avaliación do Plan de Convivencia co asesoramento do Departamento de Orientación e do profesorado, según a problemática de que se trate.

Reunirase como mínimo unha vez ao trimestre para analizar os seguintes puntos:

1. As actuacións realizadas: reunións, asuntos que se trataron e actividades realizadas.
2. As incidencias que se produzan:
 - Onde, cando e con que frecuencia ocorren.
 - Que grupos ou persoas son as máis habituais que presentan conductas disruptivas.
 - En que casos se producen desacordos entre o profesorado para realizar unha labor coordinada e que efectos teñen.
 - Aumento ou diminución de casos conflictivos.
 - Como responden as familias.
 - Grao de satisfacción de todos os sectores: profesorado, alumnos/a, familias, persoal non docente.
3. A documentación elaborada.
4. Os procedementos de intervención nos comportamentos conflictivos en canto a: medidas preventivas, mediadas aplicadas e resultado final.
 - Persoas responsables.
 - Recursos dispoñibles.
 - Procedementos que se deben seguir.
 - Actuacións dos órganos de goberno e de coordinación docente.
 - Actuación dos titores/as de cada grupo e profesorado especialista para favorecer a convivencia
 - Actuacións en relación con programas específicos: Plan de Acolida, traballo cooperativo, prevención e tratamento da violencia sexista, racista ... ou calquera tipo de discriminación.
 - Relacións con organismos públicos e privados en relación co tema da convivencia.
5. Avaliación da situación de convivencia no centro e propostas de mellora:
 - Consecución dos obxectivos anuais.
 - Actuacións realizadas en relación ás medidas previstas no plan.
 - Avaliación do proceso e dos resultados.

- Valoración dos recursos empregados.
- Valoración da implicación dos distintos sectores.

A comisión de Convivencia valorará de forma obxectiva a través de enquisas aplicadas aos diferentes sectores da comunidade educativa, fundamentalmente a percepción obxectiva de como está a convivencia no centro.

Ao rematar o curso, redactará unha memoria do plan no que debe incluír todo a anteriormente exposto coas achegas dos equipos docentes, o Claustro de profesores os representantes das familias, a ANPA e se houbera algún cambio incorporárase á PXA do seguinte curso

11.MECANISMOS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Este Plan de Convivencia é presentado polo equipo directivo á toda a comunidade educativa, incluíndo todas as aportacións realizadas por todos, para ser avaliado polo Claustro de Profesores e aprobado polo Consello Escolar do Centro.

Unha vez aprobado será de obrigado cumprimento por todos os sectores da comunidade educativa.

Poderá ser modificado, revisado anualmente ou cando as circunstancias así o requiran, previa aprobación dos órganos colexiados.

O equipo directivo levará a cabo as actuacións que sexan necesarias para a súa difusión, aplicación e valoración. Neste sentido se desenvolverán as seguintes accións para dalo a coñecer:

1. Información a toda a comunidade educativa do Plan de Convivencia.
2. Haberá un exemplar a disposición da Administración Educativa na secretaría do colexio.
3. A dirección do centro informará a toda a comunidade educativa da súa aprobación ou revisión na circular de principio de curso.
4. Información nas sesións do Plan de Acollida.
5. O profesorado informará do mesmo aos pais/nais nas reunións preceptivas de principio de curso.
6. O profesorado informará ao seu alumnado ao principio de curso como soporte referencial para redactar as normas propias de cada aula.

Para a súa difusión empregaremos os seguintes medios:

1. Páxina Web do colexio.
2. Reunión informativa coa ANPA do colexio.
3. Comunicaci3ns escritas, folletos, campañas puntuais...
4. Reunións.

Os momentos para realizar esta difusi3n son:

1. A principio de curso: presentaci3n do plan.
2. Ao longo do curso: se hai algunha proposta nova (previamente aprobada), ou se hai algunha circunstancia especial. (Comisi3n de Convivencia)
3. Ao final de curso: avaliaci3n do plan. (Comisi3n de Convivencia)

12.ANEXOS

ANEXO I: MODELOS DE DOCUMENTOS

| |
|---|
| SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN EN CASOS DE ACOSO E INTIMIDACIÓN ENTRE COMPAÑEIROS/AS |
|---|

SR DIRECTOR/A DO C.E.I.P. _____

DATA: _____

MOTIVO DA DEMANDA: _____

VÍCTIMA: _____

PERSOA INFORMANTE: _____

DNI: _____

RELACIÓN COA VÍTIMA: _____

BREVE DESCRICIÓN DOS FEITOS:

ASDO.:

**MODELO DE INFORME EN CASOS DE MALTRATO OU BULLYING ENTRE
COMPAÑEIROS/AS**

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

| | |
|-----------------------------|-----------------------|
| CENTRO | Nº DE TELÉFONO |
| DIRECCIÓN | LOCALIDADE |
| ALUMNO/A VÍCTIMA: | CURSO: |
| | IDADE: |
| AGRESOR/A PRINCIPAL: | CURSO: |
| | IDADE: |
| AGRESOR/A 2: | CURSO: |
| | IDADE: |
| AGRESOR/A 3: | CURSO: |
| | IDADE: |

DATA DA SOLICITUDE:

ORIXE DA SOLICITUDE:

- Familia
- Alumno/a
- Titor/a
- Profesorado
- Orientador/a
- Outros

2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

2.1.- TIPO DE AGRESIÓN

A.V.: Algunha vez
M.V.: Moitas veces

| | SI | NON | A.V. | M.V |
|--------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Verbal | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

Insultos, alcumes, ameazas, chantaxes.

| | SI | NON | A.V. | M.V |
|--------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Social | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

Rexeitamento, illamento, “facer o bacío”.

| | SI | NON | A.V. | M.V |
|-------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Psicolóxica | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

Humillacións, poñer en ridículo, difundir rumores.

| | SI | NON | A.V. | M.V |
|--------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Física | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

Esconder, romper materiais, golpes, patadas, empuxóns.

| | SI | NON | A.V. | M.V |
|--------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Acoso/abuso sexual | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> |

2.2.- ESPAZOS ONDE SE PRODUCE O ACOSO OU INTIMIDACIÓN

| | |
|-----------------------------------|--------------------------|
| Na clase..... | <input type="checkbox"/> |
| Corredores/cambios de clase | <input type="checkbox"/> |
| Baños | <input type="checkbox"/> |
| Vestiaros | <input type="checkbox"/> |
| Entradas e saídas do centro | <input type="checkbox"/> |
| No comedor | <input type="checkbox"/> |
| No autobús | <input type="checkbox"/> |
| Fóra do centro | <input type="checkbox"/> |
| Outros | <input type="checkbox"/> |

2.3.- FEITOS OBSERVADOS

Conduta:

Data _____ Lugar _____ Observado por _____

Conduta: _____

Data _____ Lugar _____ Observado por _____

Conduta: _____

3. ANÁLISE DA INFORMACIÓN E MEDIDAS DE URXENCIA

REUNIÓN CONVOCADA POR:

DON/DNA _____ CARGO _____

ASISTENTES:

BREVE DESCRIPCIÓN DOS FEITOS

MEDIDAS URXENTES

PROTECCIÓN Á VÍCTIMA

MEDIDA: _____

RESPONSABLE/ES: _____

APLICACIÓN DE MEDIDAS DISCIPLINARIAS CAUTELARES:

3.4. APERTURA DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO

SI NON

DATA _____ INSTRUCTOR/A _____

DATOS DO ALUMNO/A _____

4. CUESTIONARIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR

Cuestionario de convivencia escolar (alumnado)

Curso

Nº

Este cuestionario ten por obxecto levar a cabo un diagnóstico da situación da convivencia escolar no noso centro educativo. Podes responder ás seguintes preguntas sinalando a opción coa que esteas máis de acordo. Grazas pola túa sinceridade.

1. Valora os seguintes aspectos da convivencia na escola:

| | Moi ben/ Moito | Ben/ Bastante | Regular/ Pouco | Mal/ Nada |
|---|-------------------|------------------|-------------------|--------------|
| <i>Como te levas cos teus compañeiros/as?</i> | | | | |
| <i>E que tal cos profesores/as?</i> | | | | |
| <i>Lévaste mal con algún?</i> | | | | |
| <i>Que opinión teñen de ti os teus compañeiros/as?</i> | | | | |
| <i>E os teus profesores/as, que cres que pensan de ti?</i> | | | | |
| <i>Participan os teus pais/nais na vida da escola?</i> | | | | |
| <i>Coñeces as normas do regulamento interno acordadas na nosa escola?</i> | | | | |
| <i>Estás de acordo coas normas de clase?</i> | | | | |
| <i>Cres que as cumpres?</i> | | | | |
| | Si | Non | | |
| <i>Lévaste mal con algún compañeiro/a? Con quen?</i> | | | | |
| <i>Lévaste mal con algún mestre? Con quen?</i> | | | | |

2. Con que frecuencia se producen as seguintes situacións no teu Centro?:

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|---|------|-------|----------|-------|
| <i>Os profesores/as castigan ós alumnos/as</i> | | | | |
| <i>Trabállase a gusto na clase, con bo ambiente</i> | | | | |
| <i>Respéctanse as normas</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as insúltanse, dinse alcumes</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as peléxanse</i> | | | | |
| <i>Hai grupiños que non se levan ben</i> | | | | |
| <i>Hai nenos/as que ameazan a outros e lles obrigan a facer cousas que un non quere</i> | | | | |
| <i>Hai nenos/as que non están integrados/as e séntense sós/as</i> | | | | |
| <i>Os alumnos pensan que os profesores/as non os entenden</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as están desmotivados/as, ou abúrrense</i> | | | | |
| <i>Hai conflitos con alumnos/as doutros países/culturas</i> | | | | |

3. En que momentos cres que se dan as situacións de conflito?

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|--------------------------------|------|-------|----------|-------|
| <i>Antes de entrar na aula</i> | | | | |
| <i>No recreo</i> | | | | |
| <i>Nos cambios de clase</i> | | | | |
| <i>Na saída</i> | | | | |
| <i>Durante as clases</i> | | | | |

4. En que lugares hai máis conflitos?

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|-----------------------------------|------|-------|----------|-------|
| <i>No patio</i> | | | | |
| <i>Nos corredores</i> | | | | |
| <i>Nos baños</i> | | | | |
| <i>Nas aulas</i> | | | | |
| <i>Nas proximidades do centro</i> | | | | |
| <i>Nos vestiarios/ximnasio</i> | | | | |
| <i>No comedor</i> | | | | |

5. Na túa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro educativo?:

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|---|------|-------|----------|-------|
| <i>Acordar nas clases as normas e escribilas</i> | | | | |
| <i>Favorecer o traballo cooperativo (en grupo) entre o alumnado</i> | | | | |
| <i>Que todo o profesorado aplique as normas da mesma maneira</i> | | | | |
| <i>Os profesores deberían falar máis cos alumnos/as</i> | | | | |
| <i>Cres que sodes moitos na clase?</i> | | | | |
| <i>Reforzar a disciplina na escola</i> | | | | |
| <i>Castigar máis ós nenos/as que se portan mal</i> | | | | |
| <i>Ensinar aos alumnos/as como se poden solucionar os conflitos</i> | | | | |
| <i>Facer máis traballos para aprender a resolver conflitos</i> | | | | |
| <i>Facer as clases máis participativas e motivadoras</i> | | | | |
| <i>Mellorar e respectar o que é de todos (patio, baños, balóns, etc.)</i> | | | | |
| <i>Outras:</i> | | | | |

6. Señala algún conflicto que consideres importante e que non se sinalase ao longo do cuestionario.

PLAN DE CONVIVENCIA CEIP NAZARET

Cuestionario de convivencia escolar (Mestres)

Este cuestionario ten por obxecto levar a cabo un diagnóstico da situación da convivencia escolar no noso centro educativo co fin de elaborar un Plan de Convivencia. Pode responder ás seguintes preguntas sinalando a opción coa que estea máis de acordo.

1. Valore os seguintes aspectos da convivencia no centro:

| | Moito /Moi ben | Bastante /Ben | Pouco /Regular | Nada/Mal |
|---|----------------|---------------|----------------|----------|
| <i>As relacións persoais cos seus compañeiros/as</i> | | | | |
| <i>E cos alumnos e alumnas</i> | | | | |
| <i>O clima de traballo cos seus compañeiros/as</i> | | | | |
| <i>E cos seus alumnos/as</i> | | | | |
| <i>A súa relación coas familias dos seus alumnos e alumnas</i> | | | | |
| <i>A participación das familias na convivencia do Centro</i> | | | | |
| <i>As relacións da comunidade educativa co contorno escolar</i> | | | | |

2. Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:

| | Nunca | Pouco | Bastante | Moito |
|--|-------|-------|----------|-------|
| Entre profesorado e o equipo directivo | | | | |
| Entre profesorado | | | | |
| Entre profesorado e alumnado | | | | |
| Entre alumnado | | | | |
| Entre o profesorado e as familias | | | | |
| Entre pais/nais e fillos/as | | | | |
| Entre as familias | | | | |
| En relación co persoal non docente | | | | |

3. Na súa opinión, con que frecuencia se producen as seguintes situacións no seu Centro?:

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|---|------|-------|----------|-------|
| <i>Enfrontamentos entre os alumnos/as e o profesor/a</i> | | | | |
| <i>Enfrontamentos entre os profesores/as e os pais/nais</i> | | | | |
| <i>Os profesores/as van cada quen ó seu</i> | | | | |
| <i>Indisciplina dos alumnos/as (faltas de respecto, malas contestacións...)</i> | | | | |
| <i>Non se respectan as normas</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as insúltanse, póñense alcumes</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as peléxanse</i> | | | | |
| <i>Intimidación e acoso entre alumnado</i> | | | | |
| <i>Hai grupiños que non se levan ben</i> | | | | |
| <i>Hai nenos/as que non están integrados/as e séntense sos/as</i> | | | | |
| <i>Os alumnos pensan que os profesores/as non os entenden</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as están desmotivados/as, ou abúrrense</i> | | | | |
| <i>Conflitos con alumnos/as doutros países</i> | | | | |

PLAN DE CONVIVENCIA CEIP NAZARET

4. En que momentos cre que se dan estas situacións?

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|--------------------------------|------|-------|----------|-------|
| <i>Antes de entrar na aula</i> | | | | |
| <i>No recreo</i> | | | | |
| <i>Nos cambios de clase</i> | | | | |
| <i>Na saída</i> | | | | |
| <i>Durante as clases</i> | | | | |

5. En que lugares?

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|--------------------------------------|------|-------|----------|-------|
| <i>No patio</i> | | | | |
| <i>Nos corredores</i> | | | | |
| <i>Nos baños</i> | | | | |
| <i>Nas aulas</i> | | | | |
| <i>Nas proximidades do centro</i> | | | | |
| <i>Nos vestiarios /polideportivo</i> | | | | |
| <i>No comedor</i> | | | | |

6. Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro?:

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|--|------|-------|----------|-------|
| <i>Reforzar a disciplina no centro</i> | | | | |
| <i>Consensuar normas entre alumnado e profesorado</i> | | | | |
| <i>Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado</i> | | | | |
| <i>Unificar os criterios de actuación entre o profesorado</i> | | | | |
| <i>Darlle máis participación ás familias na xestión do centro</i> | | | | |
| <i>Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións</i> | | | | |
| <i>Mellorar as relacións entre profesorado e familias</i> | | | | |
| <i>Mellorar as condicións de traballo do profesorado</i> | | | | |
| <i>Facer grupos de alumnado máis reducidos</i> | | | | |
| <i>Mellorar os recursos do centro educativo</i> | | | | |
| <i>Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos</i> | | | | |
| <i>Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos</i> | | | | |
| <i>Facer grupos de mediación en conflitos nos centros</i> | | | | |
| <i>Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado</i> | | | | |
| <i>Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa</i> | | | | |
| <i>Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo</i> | | | | |
| <i>Tolerar pequenos conflitos mentres non perturben en exceso</i> | | | | |
| <i>Outras:</i> | | | | |

Cuestionario de convivencia escolar (familias)

Estimados pais e nais:

Neste curso estamos elaborando o Plan de Convivencia do noso centro educativo. Co obxecto de coñecer a súa valoración sobre o estado actual da convivencia no colexio, agradecemoslles que cumprimenten este cuestionario e o remitan ó centro coa maior brevidade posible. Moitas grazas.

1. Valore os seguintes aspectos da convivencia no centro:

| | Moito /Moi ben | Bastante /Ben | Pouco /Regular | Nada/Mal |
|--|-------------------|------------------|-------------------|----------|
| <i>Como valora a súa relación persoal co equipo directivo do Centro?</i> | | | | |
| <i>E cos profesores/as en xeral?</i> | | | | |
| <i>E co titor ou titora deste ano do seu fillo/a?</i> | | | | |
| <i>Observou no Centro algún fenómeno de malas relacións, conflitos ou violencia?</i> | | | | |
| <i>Como valoran a súa participación na vida social do centro?</i> | | | | |
| <i>Como valora a participación das familias en xeral na convivencia do Centro?</i> | | | | |
| <i>Ten dificultades cos horarios para asistir ó centro?</i> | | | | |

2. En que actividades participan? (Poden sinalar varias respostas)

Na ANPA.....

Recoller as notas.....

Nas festas.....

Se o meu fillo/a vai mal na escola.....

Se nos piden calquera cousa.....

En nada.....

Outras:

3. Os conflitos que se producen con máis frecuencia no colexio son:

| | Nunca | Pouco | Bastante | Moito |
|--|-------|-------|----------|-------|
| <i>Entre profesorado e alumnado</i> | | | | |
| <i>Entre alumnado</i> | | | | |
| <i>Entre o profesorado e as familias</i> | | | | |
| <i>Entre pais/nais e fillos/as</i> | | | | |
| <i>Entre as familias</i> | | | | |

4. Na súa opinión, con qué frecuencia se producen as seguintes situacións no seu Centro?:

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|--|------|-------|----------|-------|
| <i>Enfrontamentos entre os alumnos/as e o profesor/a</i> | | | | |
| <i>Enfrontamentos entre os profesores/as e os pais/nais</i> | | | | |
| <i>Indisciplina dos alumnos/as (falta de respecto, malas contestacións...)</i> | | | | |
| <i>Non se respectan as normas do centro</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as insúltanse, póñense alcumes</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as peléxanse</i> | | | | |
| <i>Intimidación e acoso entre o alumnado</i> | | | | |
| <i>Hai nenos/as que non están integrados/as e séntense sos/as</i> | | | | |
| <i>Os profesores/as preocúpanse o suficiente polos alumnos/as</i> | | | | |
| <i>Os alumnos pensan que os profesores/as non os entenden</i> | | | | |
| <i>Os alumnos/as están desmotivados/as, ou abúrrense</i> | | | | |
| <i>Conflitos con alumnos/as doutros países</i> | | | | |

5. Na súa opinión, cales das seguintes iniciativas serían útiles para mellorar a convivencia no centro?:

| | Nada | Pouco | Bastante | Moito |
|--|------|-------|----------|-------|
| <i>Reforzar a disciplina no centro</i> | | | | |
| <i>Consensuar normas entre alumnado e profesorado</i> | | | | |
| <i>Favorecer o traballo cooperativo entre o alumnado</i> | | | | |
| <i>Unificar os criterios de actuación entre o profesorado</i> | | | | |
| <i>Darlle máis participación ás familias na xestión do centro</i> | | | | |
| <i>Colaborar cos servizos sociais, de saúde e asociacións</i> | | | | |
| <i>Mellorar as relacións entre profesorado e familias</i> | | | | |
| <i>Mellorar as condicións de traballo do profesorado</i> | | | | |
| <i>Facer grupos de alumnado máis reducidos</i> | | | | |
| <i>Mellorar os recursos do centro educativo</i> | | | | |
| <i>Formar ao profesorado sobre resolución de conflitos</i> | | | | |
| <i>Informar ás familias sobre estratexias diante dos conflitos</i> | | | | |
| <i>Facer grupos de mediación en conflitos nos centros</i> | | | | |
| <i>Adaptar o currículo ás necesidades do alumnado</i> | | | | |
| <i>Utilizar unha metodoloxía máis activa e participativa</i> | | | | |
| <i>Utilizar un estilo docente respectuoso e positivo</i> | | | | |
| <i>Outras:</i> | | | | |